

## FLORA DO ESPAZO NATURAL E ARQUEOLÓXICO DOS SETE CAMIÑOS

CÁNDIDO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ

(Membro do *Colectivo Ecoloxista Luita Verde* e da *Plataforma en Defensa dos Montes do Morrazo*)

Os terreos que abranguen o Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños, na confluencia dos montes da península do Morrazo con Pontevedra, están ubicados a nivel bioxeográfico dentro do reino holártico na rexión eurosiberiana e dentro dela na provincia atlántico-europea, subprovincia cántabro-atlántica, e a súa vez no sector galaico-portugués e subsector miñense. E dentro do ambiente bioclimático corresponden ao piso basal ou colino.

A vexetación potencial ou clímax que, de non sufrir a interferencia humana acada un teórico estado perfecto equilibrio co medio, é a “carballeira” que de xeito termófilo e cunha influencia de clima mediterráneo pertence a nivel fitosociolóxico á asociación Rusco aculeati-Quercetum roboris e subas. Quercetosum suberis. E a súa vez forma parte do hábitat de interese comunitario a nivel europeo de carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. Predomina a presenza do carballo mais acompañado puntualmente doutras árbores como o castiñeiro, a cerdeira ou a sobreira e a nivel arbustivo polo loureiro e o rusco ou “xilbarbeira”.

A outra vexetación potencial ou clímax é o “bosque de ribeira ou aluvial” nos cursos de auga, que a nivel fitosociolóxico no Morrazo clasifícase dentro da asociación *Senecioni bayonensis-Alnetum glutinosae* que a súa vez forma parte nas zonas máis conservadas do hábitat natural prioritario a nivel europeo de bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *salicion albae*). Predomina a presenza de salgueiro e ameneiro acompañado de xeito máis minoritario do freixo e o bidueiro e a nivel arbustivo da abelaira, sabugueiro, pereira brava, estripeiro e o sanguíño.

Alén destas dúas vexetacións potenciais tamén son de importancia as áreas de breixeiras ou “carrasqueiras”, propias da existencia do monte baixo da matogueira, onde predomina a presenza das uces ou “carrascos”, xesteiras e toxeias dentro dos hábitats de interese comunitario de breixeiras secas europeas, breixeiras oromediterráneas endémicas con xesta, máis o de vexetación rupícola dentro do así mesmo hábitat de interese comunitario de rochedais silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.

E por outra parte están tamén as áreas de “brañas”, zonas húmidas que xeralmente asociadas ao nacemento dos regos fluviais, como no caso dos regos de Pornado, Agrela

e en especial do Cubeiro e das Flaires, forman parte dos hábitats naturais prioritarios de breixeiros húmidas atlánticas de zonas atemperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* ou de estanques temporais mediterráneos. Tamén están relacionados varios topónimos como Chan da Lagoa, Regato dos Buratos-Outeiro da Mina, Outeiro da Barcia.

Dentro destes hábitats, en especial dos asociados ao medio acuático, tamén existen distintas especies de flora entre varias fanerógamas (plantas con flor) e pteridófitas (fentos) que a nivel individual forman parte de endemismos a nivel do noroeste ibérico ou da Macaronesia, consideradas como vulnerábeis ou en perigo de extinción e integradas así mesmo a protexer dentro do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Tamén son de interese a grande cantidade de liques e brións que de xeito epífita conviven coas árbores, rochas e o solo e representan a súa vez un excelente bioindicador da calidade do medio e da atmosfera.

A expansión e ao mesmo tempo intensificación a nivel industrial das plantacións e repoboacións con monocultivos forestais das especies eucalipto e piñeiro, con destino madeireiro principalmente para fabricación de pasta de papel ou plantas enerxéticas de incineración de biomasa, máis a invasión producida pola introducción de distintas especies de acacias, en especial a mimosa e a mimosa moura que no seu conxunto, ao igual que está suceder ao longo das Rías Baixas como de grande parte da costa galega, están a mermar considerablemente dende mediados do século pasado a biodiversidade existente no espazo natural.

A elo se lle une a propiedade inflamable e mesmo pirofítica da maioría desas especies que, como biomasa combustible, está detrás da aparición como medio propagador de episodios cíclicos de incendios forestais ao longo destas últimas décadas, afectando moi negativamente ao medio tanto a nivel da flora como da fauna e do propio solo.

Outra das problemáticas asociadas a este modelo industrial de xestión forestal é a construción e proliferación de amplas pistas forestais para acceso de maquinaria pesada de transporte, coa conseguinte erosión e a irreversible perda de solo e capa vexetal. Ou a utilización de substancias agrotóxicas para o control de patoloxías e plagas de insectos e fungos asociadas aos monocultivos máis para o control da biomasa arbustiva e matogueira que crece ao natural debaixo das plantacións.

A elo se lle une as cortas indiscriminadas de arborado autóctono, en especial as carballeiras, que despois teñen un proceso lento de rexeneración en contraste co

crecemento moito máis rápido das especies utilizadas nos monocultivos que compiten en total desigualdade polo consumo de enerxía solar, auga e nutrientes.

Outra sería afección son os vertidos vexetais ou de terras con sementes de especies invasoras como a herba da pampa, ricino, canas asiática e bambú,... Ou a creación descontrolada e espallada de circuitos con erosión do terreo para a práctica deportiva con transporte rodado e motorizado.

Unha última, e quizáis a máis grave, é a especulación a nivel urbanístico do solo rústico con proxectos recalificadores asociados a usos industriais, como os relacionados coa área de desenvolvemento eólica do Morrazo, coa ubicación “alternativa” de varios aerogeradores ao longo do espazo natural dos Montes do Morrazo e que na área máis próxima ao espazo natural e arqueolóxico dos Sete Camiños afecta aos altos do Picouto da Graña e A encavada.

Ou o proxecto de polígono industrial que cunha superficie de 331.999 m<sup>2</sup>, proxectou no Monte Pornado o Concello de Marín dentro do seu PXOM e incluiu posteriormente a Xunta de Galiza no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais da Comunidade Autónoma Galega, en terreos que chegan ao 25% de desnivel, afectando a solo rústico de especial protección de espazos naturais, forestal, de augas e patrimonial.

Á enorme e irreversible perda de solo e capa vexetal en extensas zonas de territorio para construción de naves industriais, viales de acceso, grandes plataformas de ancoraxe de aerogeradores e anchas pistas de acceso para maquinaria pesada de transporte das súas pezas, únese a alta probabilidade posterior de episodios de contaminación ambiental.

Cómpre un novo modelo de ordenación e xestión forestal baseado na protección e conservación das masas de arborado autóctono de carballeiras e bosque de ribeira máis das zonas húmidas de brañas; a erradicación da presenza de acacias e outras especies invasoras; a redución dos monocultivos forestais e o incremento da plantación cun mínimo de 30% de frondosas e caducifolias que colabore ao incremento da biodiversidade, diversifique os usos madeireiros e axude ao mesmo tempo como

cortalumes naturais á mitigación dos incendios forestais; a potenciación dos aproveitamentos tradicionais agrogandeiros e mesmo enerxéticos da matogueira e os pastizais do monte baixo, colaborando no uso sustentable co abonado e ao mesmo tempo co desbrozado no control da biomasa alta para a mitigación de incendios forestais; a potenciación de xeito sustentable dos usos colleiteiros tanto a nivel de froitos, herbas cogomelos como de mel a nivel apícola, co fin de afianzar a relación directa e a autosuficiencia do ser humano e a veciñanza co medio colaborando ao mesmo tempo na axeitada polinización e reprodución das especies vexetais; e o uso recreativo, social, cultural e deportivo así mesmo sustentable e controlado con respecto e a menor afección ao medio.

Por outra parte cómpre rexeitar o uso industrial nos espazos naturais como o que abrangue o espazo natural e arqueolóxico dos Sete Camiños, baseado en macroproxectos insustentabeis que especulan e ameazan con provocar un enorme e irreversible impacto no medio, cando a alternativa é o decrecemento, a reciclaxe e reaproveitamento de materias primas e o aforro e eficiencia enerxética.